



INFORMACIÓN ADICIONAL

Deben recordar aos centros escolares que os produtos non poderán distribuírse no marco das comidas escolares, deberán darllo ao alumnado no horario de recreo.

Os produtos distribuídos serán sempre de excelente calidade. No caso das froitas frescas, serán preferentemente de tempada, atoparanse no seu grao óptimo de madureza de consumo e serán consumidas no seu estado natural, non poderán someterse a ningún procesamento, incluída a elaboración de zume. A castaña consumirase cocida ou asada.

A subministración nos centros escolares farase durante os períodos de repartición autorizados:

- 1º período: de novembro de 2017 a febreiro de 2018 (ambos inclusive).
- 2º período: marzo a xuño de 2018 (ambos inclusive).

A distribución de froitas frescas e castañas levarase a cabo, para cada período autorizado, durante 10 días lectivos consecutivos.

A distribución de leite líquido de consumo levarase a cabo, para cada período autorizado, durante un mínimo de 20 días lectivos consecutivos e un máximo de 60.

Calquera modificación da subministración a nivel de centro escolar (data de inicio e/ou período de repartición) será comunicada por vía oficial previamente ao Servizo Territorial do Fogga onde radique o centro escolar.

A ración **máxima** de consumo por alumno/a e día é de:

- a) Froitas frescas e castañas: 0,17 kg.
- b) Leite líquido de consumo e as súas versións sen lactosa: 200 cc.

As persoas provedoras solicitarán o **pagamento da axuda** conforme o modelo previsto no anexo IV por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e dirixirase ao Servizo Territorial do Fogga da provincia onde radiquen os centros escolares correspondentes:

Xefatura Territorial da Coruña. Servizo Territorial do Fogga. Praza Luis Seoane s/n 15071 A Coruña. Teléfono: 981 184650 Fax: 981 184559	Xefatura Territorial de Lugo. Servizo Territorial do Fogga. Ronda da Muralla,70 27071 Lugo. Teléfono: 982 294454 Fax: 982 294411
Xefatura Territorial de Ourense. Servizo Territorial do Fogga. Rúa do Paseo, 22 – 1º 32071 Ourense Teléfono: 988 386942 Fax: 988 386940	Xefatura Territorial de Pontevedra Servizo Territorial do Fogga. Paseo de Cervantes, 7-1º 36071 Pontevedra. Teléfono: 986 805442 Fax: 986 805569

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán solicitar o pagamento da axuda presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A solicitude de pagamento presentarase nun prazo máximo de tres meses contados a partir do día seguinte ao remate do período de subministración correspondente.

Xunto coa solicitude de pagamento, a persoa provedora achegará a seguinte documentación:



- O anexo IVA e/ou IVB, segundo corresponda tendo en conta o grupo de produto subministrado.
- Facturas das cantidades de produtos efectivamente subministradas ou distribuídas. Deberán presentar factura/s por cada centro escolar, por cada período e por cada tipo de produto (froita ou leite). Estas indicacións figurarán na/s factura/s. (Por exemplo: se subministraron froita e leite a un centro escolar presentarán un mínimo de 2 facturas por período).
- As facturas serán emitidas ao Fondo Galego de Garantía Agraria con NIF: Q6550024A. O importe do IVE non será subvencionado.
- Cada factura irá acompañada do albarán de entrega correspondente que será asinado e selado polo centro escolar.
- Certificado selado e asinado polo centro escolar en que figuren o número de alumnos/as matriculados ao comezo do curso escolar e o número de alumnos/as participantes na liña de axuda, coas cantidades efectivamente subministradas por nivel de ensino e produto subministrado.
- No caso de subministrar produtos avalados polos réximes de calidade, achegarse a documentación acreditativa correspondente.

Os centros escolares deberán publicitar, na entrada principal do centro e nun lugar onde se poida ver e ler claramente, que este está subvencionado pola Unión Europea, colocando o **cartel** que lle subministrará o Fogga aos provedores.

A existencia de calquera irregularidade na execución desta liña de axuda poderá dar lugar á denegación ou minoración do seu importe.